



PREMIOS DO DEPORTE DE MIÑO

RECOÑECEMENTOS AO DEPORTE DA TEMPADA 2021-2022

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira. Obxecto

O Concello de Miño quere recoñecer anualmente aqueles/as deportistas, equipos, asociacións e clubs do municipio que destacaran dun xeito especial na tempada que remata, por este motivo convoca os seguintes recoñecementos para a primeira concentración do deporte de Miño tempada 2021-2022.

Así, coa finalidade de poñer en valor os méritos e capacidades de persoas e entidades deportivas que contribuíron a potenciar a práctica deportiva no municipio, alcanzaron éxitos en competicións e campionatos e representaron a nosa vila, fanse públicos os primeiros Premios do Deporte de Miño.

O obxectivo principal é recoñecer o mérito, o esforzo, a entrega, a disciplina e a dedicación, entre outros valores que van implícitos na práctica deportiva, que serven de exemplo para incentivar a cativada e a poboación en xeral para a práctica do deporte.

Segunda. Categoría dos recoñecementos

1. Mellor equipo masculino
2. Mellor equipo feminino
3. Mellor deportista promesa
4. Mellor deportista masculino
5. Mellor deportista feminina
6. Traxectoria
7. Mellor adestrador
8. Mellor evento deportivo
9. Deportividade e valores deportivos
10. Mellor club
11. Mencións especiais

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceira. Composición do xurado

A selección de persoas e entidades premiadas corresponderalle a unha comisión formada para o efecto, que estará integrada polo concelleiro de Deportes (sen voto), dous representantes municipais vencellados ao departamento de Deportes e unha “figura” do mundo do deporte de recoñecido prestixio de fóra do municipio.

A comisión fará a súa valoración con base nas propostas formuladas por clubs e outras entidades ou asociacións deportivas que contén con acordos de colaboración co Concello e estean inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións Deportivas. Así mesmo, os membros da comisión a través do técnico de deportes tamén poden propoñer candidaturas e realizar as consultas que cumpran para recoller a información sobre as candidaturas.

Cuarta. Criterios de valoración

1. Logros que se obtiveron durante a tempada
2. Mérito dos logros acadados
3. Promoción do nome de Miño fóra do municipio

Quinta: Definición de categorías

Mellor equipo: recoñecerase o labor e os logros ao mellor equipo masculino e feminina dunha entidade deportiva miñense na tempada, que se atope debidamente inscrita no Rexistro de Asociacións do Concello.

Mellor deportista promesa: recoñecerase ao mellor deportista miñense en activo na tempada que se obsequia menor de 16 anos.

Mellor deportista: recoñecerase ao mellor deportista miñense masculino e feminino en activo na tempada que se obsequia.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



Traxectoria: entregárase a aqueles/as deportistas, equipos ou clubs que a comisión considere, tendo en conta os seus logros durante a súa traxectoria, que debe ser superior a 5 anos.

Mellor adestrador: recoñecerase ao mellor adestrador/a en activo dun equipo de Miño na tempada que se obsequia.

Mellor evento deportivo: recoñecerase a aquel evento que obtivera un maior impacto dentro e fóra do municipio ou destacase pola súa boa organización.

Deportividade e valores deportivos: recoñecerase a aquel evento que mellor representara os valores de xogo limpo asociados ó deporte.

Mellor club: recoñecerase o club mais destacado na tempada que se obsequia.

Mencións especiais: A comisión poderá outorgar recoñecementos especiais en función de feitos ou circunstancias específicas non recollidas nos apartados anteriores. Poderán dedicarse a persoas que realicen labores formativas, organizativas, de promoción ou outras relacionadas coa actividade deportiva dun club ou entidade do concello que merezan ser recoñecidas pola súa contribución ao deporte local.


Sexta. Galardón

Outorgárase un recoñecemento por categoría (agás as mencións especiais), que non será en ningún caso unha dotación económica, senón un galardón conmemorativo por desenvolver un labor significativo dentro do ámbito deportivo.

Sétima. Procedemento

Poderán presentar candidaturas calquera asociación ou entidade deportiva inscrita no Rexistro de Asociacións do Concello de Miño. O técnico municipal de deportes tamén poderá propoñer candidaturas aos membros da comisión nun informe debidamente motivado e rexistrado.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



As candidaturas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Miño ata o día 26 de novembro de 2022. A través do formulario normalizado (anexo I). Na instancia aparecerán os seguintes datos:

- Datos persoais do representante da entidade que propón a candidatura (nome completo, DNI, enderezo, teléfono e correo electrónico).
- Nome e apelidos da persoa candidata da entidade deportiva ou asociación.
- Categoría á que pertence a candidatura proposta.
- Motivación polo que se propón a candidatura.
- Anexo de documentación xustificativa que acredite os méritos da candidatura (resultados en competicións, clasificacións federativas, fotografías, novas de prensa, etc.).

Para mais información:

deportes@concellodemino.gal

604 004 439

ANEXO I

DATOS DA PERSOA OU REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN QUE PROPÓN A CANDIDATURA

NOME E APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	
ASOCIACIÓN A QUE REPRESENTA	

DATOS DA PERSOA FÍSICA, ENTIDADE DEPORTIVA OU ASOCIACIÓN CANDIDATA

Nome e apelidos da persoa candidata:
Nome da entidade deportiva ou asociación:
Categoría: <input type="checkbox"/> Equipo masculino <input type="checkbox"/> Equipo feminino <input type="checkbox"/> Deportista promesa <input type="checkbox"/> Deportista masculino <input type="checkbox"/> Deportista feminino <input type="checkbox"/> Traxectoria <input type="checkbox"/> Adestrador <input type="checkbox"/> Evento deportivo <input type="checkbox"/> Deportividade e valores deportivos <input type="checkbox"/> Club <input type="checkbox"/> Mencións especiais
Motivos polos que opta á candidatura:

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



Documentación que se achega:

Lugar e data de presentación

Sinatura

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.